
Anuncio

Habéndose elevado a definitivo por non haberse presentado reclamacións durante a exposición pública, o acordo plenario adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 01/04/11 transcríbese a continuación xunto coa ordenanza reguladora, todo elo de conformidade co disposto no artigo 17.4 do RDL 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

9.- ORDENANZA FISCAL DO TANATORIO. APROBACIÓN SE PROCEDE.

Por Secretaría, de orde da Presidencia, deuse conta o Pleno do estado actual do expediente para a aprobación da ordenanza fiscal do Tanatorio.

Considerando que no expediente consta o informe favorable de Secretaría-Intervención para a aprobación da citada ordenanza.

Vista a proposta da Alcaldía na que se sinala “

Resultando necesario utilizar os recursos económicos que establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por RDL 2/2004, de 5 de Marzo, entre os que se encontra a referida taxa polo servizo de Tanatorio Municipal, tramitouse o expediente administrativo para impoñer e ordenar dito tributo.

Vistos os informes de Secretaría e de Intervención unidos o expediente e polo que propoño o Pleno que acorde:

1. *Aprobar provisionalmente a ordenanza unida a este expediente e que regula a citada taxa.*
2. *O presente acordo provisional, expoñelo o público así como a ordenanza citada e o resto do expediente polo prazo de 30 días hábiles mediante edictos insertos no BOP e no Taboleiro de Anuncios. Dentro do*

citado prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

3. *Rematada a exposición pública o Pleno adoptará o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se houberen presentado no seu caso e aprobando a redacción definitiva da ordenanza.*

No caso de que non se houberan presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario e considerárase definitivamente aprobada a ordenanza.

4. *O acordo definitivo que se houbera adoptado ou o provisional elevado a definitivo xunto co texto da ordenanza publicarase no BOP.*
5. *A referida ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP sendo de aplicación dende esa data."*

Aberto o turno de deliberacións pola Presidencia, Polo Sr. Alcalde manifestase " Pola prestación deste servizo vaise cobrar unhas determinadas cantidades os usuarios que se estableceron tendo en conta os prezos de mercado, non obstante establécense unha serie de supostos nos que os usuarios deste servizo estarán exentos do seu pago. A maioría dos veciños estarán exentos posto que se establece que si levan empadroados neste concello 6 meses non se lles cobrará polo mesmo."

Polo portavoz do PP Don Xosé López Cabodevila manifestase "Pensamos que falta un reglamento de funcionamento del Tanatorio, no se sabe como va a ser la gestión del mismo, quien lo va a abrir, que personal lo va a atender, quien va a tener las llaves y quien se va a responsabilizar del mobiliario interior. En caso de fallecimiento quien va a realizar la solicitud en el Ayuntamiento, un familiar o la empresa funeraria? Respecto al horario consideramos que el cierre a las 10 de la noche es demasiado temprano, considerando que muchas veces el velatorio y la visita de familiares se demora hasta cerca de las 11 de la noche. Nosotros planteamos modificar ese horario hasta las 11 de la noche."

Polo Sr Alcalde manifestase " Farase loxicamente un regulamento que regule determinados aspectos de funcionamento do Tanatorio. Estou disposto a modificar a ordenanza e que se inclúa na mesma que o recinto permanecerá aberto o público ata ás 11 da noite."

Pola Presidencia propónse o Pleno que se aprrobe a proposta antes citada pero incluíndo no texto da ordenanza no artigo 10 " que o recinto permanecerá aberto o público como máximo de 10 da mañá a 11 da noite". No texto poñía ata ás 10 da noite.

Pechado o turno de deliberacións pola Presidencia, a Corporación Municipal por unanimidade e en votación ordinaria dos seus membros presentes, oito dos nove que compoñen o Pleno, acordan aprobar a proposta da Alcaldía citada anteriormente.

O texto da ordenanza consta no expediente obrante na Secretaría Municipal.

ORDENANZA FISCAL TANATORIO

Artigo 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15.1, 16, 20.1.B.b e 4.p do RDL 2/2004, de 05 de Marzo polo que se aproba o texto refundido da lei das Facendas Locais, este Concello establece a "Taxa pola prestación do servizo de Tanatorio Municipal".

Artigo 2º.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da Taxa, a prestación do servizo de Tanatorio Municipal, en canto establecemento funerario habilitado como lugar de etapa do cadáver, entre o lugar de falecemento e o de inhumación ou cremación, debidamente acondicionado e disposto para a exposición e velatorio de cadáveres.

Artigo 3º.- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos contribuintes os solicitantes da presentación do servizo.

Artigo 4º.- RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- EXENCIONS SUBXETIVAS

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de:

- Os enterramentos dos asilados procedentes da beneficencia, sempre que a conducción se verifique por conta dos establecementos mencionados e sen ningunha pompa fúnebre que sexa costeada pola familia dos falecidos.

- Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.
- As inhumacións que ordene a autoridade xudicial e que se efectúen na foxa común.
- Os enterramentos de persoas que estiveran empadroadas no Concello de Riotorto antes do seu falecemento como mínimo seis meses.

Artigo 6º.- CUOTA TRIBUTARIA

A cuota tributaria determinarase por aplicación da seguinte tarifa:
Por depósito, conservación de cadáveres e utilización da sala de dó:
Durante 48 horas, 240 euros (prorrateándose por horas en fraccións superiores ou inferiores).

Artigo 7º.- DEVENGO

Devengase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose a estes efectos que dita iniciación se produce coa solicitude de aqueles.

Artigo 8º.- DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO

Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos de que se trate.

1. Cada servizo será obxecto de liquidación individual e autónoma que será notificada unha vez que teña sido prestado dito servizo para o seu ingreso directo nas arcas municipais na forma e prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recaudación.

Artigo 9º.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na lei xeral tributaria.

Artigo 10º.- NORMAS DE POLICIA

O Concello de Riotorto velará polo mantemento da orde no recinto a que se refire o art. 2º, así como do respecto adecuado á función do mesmo mediante a esixencia do cumprimento das seguintes normas:

- O recinto permanecerá aberto ó público, como máximo, de 10 da mañá a 11 da noite.
- Os visitantes comportaranse en todo momento co respecto adecuado ó recinto, podendo en caso contrario adoptar o Concello de Riotorto as medidas legais para ordear, mediante os servizos de seguridade competentes, o desaloxo do recinto de quen incumplira esta norma.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sendo de aplicación desde esa data permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a presente ordenanza poderá interponerse recurso contencioso-administrativo nos termos establecidos no artigo 19 do RDL 2/2004 ou calquera outro recurso que se estime pertinente.

Riotorto, 10 de Xuño de 2011.- O Alcalde, Federico Xosé Gutiérrez Estoa.

R. 3017

Anuncio

Habéndose elevado a definitivo por non haberse presentado reclamacións durante a exposición pública o acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria de 07 de decembro de 2018 transcríbese a continuación xunto coa modificación da ordenanza:

4.- EXPEDIENTE DE ORDENACIÓN DA TAXA SOBRE O TANATORIO, DA ORDENANZA FISCAL. MODIFICACIÓN DA MESMA. PROPOSTA DE ALCALDÍA. APROBACIÓN SE PROCEDE.

Por Secretaría, de orde de Presidencia, deuse conta da proposta de alcaldía na que se sinala:

"Resultando necesario utilizar os recursos económicos que establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por RDL 2/2004, de 5 de Marzo, entre os que se encontra a referida taxa polo servizo de tanatorio en Riotorto.

Vistos os informes de Secretaría e de Intervención unidos ao expediente e polo que propoño ao Pleno que acorde:

1. Aprobar provisionalmente a ordenanza unida a este expediente, modificación da mesma, e que regula a citada taxa, na memoria de alcaldía establécese a modificación.

2. O presente acordo provisional, expoñelo ao público así como a ordenanza citada, modificación da mesma, e o resto do expediente polo prazo de 30 días hábiles mediante edictos insertos no B.O.P. e no Taboleiro de Anuncios. Dentro do citado prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

3. Rematada a exposición pública o Pleno adoptará o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se houberen presentado no seu caso e aprobando a redacción definitiva da ordenanza, modificación da mesma.

No caso de que non se houberan presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario e considerarase definitivamente aprobada a ordenanza, modificación da mesma.

4. O acordo definitivo que se houbera adoptado ou provisional elevado a definitivo xunto co texto da ordenanza, modificación da mesma, publicarase no B.O.P.

5. A referida ordenanza fiscal, modificación da mesma, entrará en vigor e será de aplicación desde o mesmo día da súa publicación no B.O.P."

Considerando que no expediente constan os informes favorables de Secretaría e Intervención para a aprobación da citada proposta.

Preténdese modificar o artigo 5 que queda redactado da seguinte forma: *"Quedarán exentos de pago as persoas falecidas, que figuren empadroadas un mínimo de 2 anos nos últimos 10 anos antes do seu falecemento".*

Sométese a votación a proposta da alcaldía.

A corporación municipal por unanimidade e en votación ordinaria dos seus membros presentes, oito dos nove que compoñen o Pleno, acorda aprobar a proposta de alcaldía antes citada.

ORDENANZA FSICAL DA TAXA SOBRE O TANATORIO

Artigo 6: Quedarán exentos do pago as persoas falecidas, que figuren empadroadas un mínimo de dous anos nos últimos dez anos antes do seu falecemento.

Riotorto, 4 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 0356